

# Programa de Unidades Supragrupais de Investigación do Sistema Universitario de Galicia:

## Centros singulares de investigación Agrupacións estratéxicas consolidadas

**Guía do solicitante:  
Indicacións para a preparación de candidaturas.**

Setembro de 2016

Subdirección Xeral de  
Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria  
Secretaría Xeral de Universidades



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*

# Índice

<b>0</b>	<b>Documentación da solicitude de axudas</b> .....	<b>3</b>
<b>1</b>	<b>Presentación da unidade de investigación</b> .....	<b>4</b>
1.1	Estrutura .....	4
1.2	Contido.....	4
1.3	Formalización.....	5
<b>2</b>	<b>Resultados 2013-2015</b> .....	<b>8</b>
2.1	Estrutura .....	8
2.2	Contido.....	8
2.3	Formalización .....	10
<b>3</b>	<b>Proxecto estratéxico científico 2016 – 2019.</b> .....	<b>113</b>
3.1	Estrutura .....	113
3.2	Contido.....	14
3.3	Formalización.....	16



## 0 Documentación da solicitude de axudas

A solicitude de axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, para o exercicio 2016 estará formada polos seguintes documentos:

- Formulario de solicitude.

- 1) Presentación da unidade de investigación.
- 2) Resultados no período 2013-2015.
- 3) Proxecto estratéxico científico 2016-2019: entendido como a carteira de actividades de investigación da unidade de investigación no período 2016-2019 incluíndo as accións de soporte para dotar a unidade da capacidade técnica, relacional e de xestión necesarias para acadar os obxectivos estratéxicos de excelencia científica e impacto internacional na investigación fixados para este período.

A solicitude irá acompañada de:

Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas ou polos seus organismos ou sociedades (que se inclúe no anexo II).

Copia do DNI ou NIE da persoa representante da universidade, só no suposto de que non autorice a súa verificación no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Certificación da universidade proponente de todo o persoal adscrito á unidade supragrupal (desagregado nominalmente e indicando a súa categoría profesional).

Certificación da universidade proponente da persoa que ocupará a dirección científica da unidade durante a vixencia da axuda.

Sinaturas: toda a documentación indicada irá asinada pola autoridade que representa legalmente a universidade correspondente. A memoria descritiva que inclúa a

descrición actual da suma de capacidades e o proxecto estratéxico de investigación, sinalados nos puntos 2 e 3, irán asinados polo director científico ou directora científica da unidade de investigación que executará a axuda. Toda esta documentación que acompaña a solicitude deberá cubrirse segundo os modelos dispoñibles na internet no enderezo <http://www.edu.xunta.es>

## 1 Presentación da unidade de investigación

### 1.1 Estrutura

<b>A Descrición da unidade de investigación</b>
a.1 Panorama xeral
a.2 Marco estratéxico
a.3 Modelo de gobernanza, xestión e organización
a.4 Mecanismos de seguimento e avaliación.
<b>B Capacidades</b>
b.1 Persoas: dirección, equipo científico e de xestión.
b.2 Recursos tecnolóxicos: instalacións e equipos singulares.
b.3 Colaboracións: alianzas e acordos estratéxicos.

### 1.2 Contido

A presentación da unidade de investigación incluírá información relativa á súa situación actual no que se refire á súa formulación estratéxica, operativa e xerencial así como ás capacidades coas que conta.

O documento desenvolverá os seguintes aspectos:

- **Descrición da unidade de investigación:**
  - **Panorama xeral**, incluíndo os datos identificativos da unidade, a súa definición e liñas de actividade, así como as principais dimensións (investigadores e investigadoras, publicacións, captación de recursos). Indicaranse ademais cales son as características ou aspectos singulares que distinguen a unidade.
  - **Marco estratéxico**. Resumo do enfoque estratéxico da unidade e explicación xeral dos mecanismos adoptados para formular, monitorar e difundir, interna e externamente, a estratexia.
  - **Gobernanza, xestión e organización**. Explicación do modelo de goberno, incluíndo os aspectos relativos á vinculación coa universidade. Descrición da estrutura

organizativa, o modelo de xestión (centralizado, por grupos, por programas, etc.) e das políticas de xénero no relativo ao persoal. Nun anexo achegarase o organigrama da unidade.

- **Seguimento e avaliación.** Descrición dos mecanismos utilizados para monitorar e avaliar a estratexia e a actividade da unidade, dos resultados obtidos e as medidas adoptadas en consecuencia.
- **Capacidades:**
  - **Persoas.** Atendendo á estrutura organizativa descrita relacionarase as persoas que forman parte do equipo directivo, científico e de xestión. Proporcionarase información que permita valorar a calidade e adecuación do equipo (titulación, categoría profesional, financiamento do seu contrato, distincións científicas, etc.). Nun anexo incluírase un currículo abreviado dos directores ou directoras e dos máximos responsables das unidades científicas e de xestión, de acordo co modelo organizativo.
  - **Recursos tecnolóxicos.** Relación e breve descrición das instalacións, equipos e medios máis relevantes, destacando os de carácter singular no contexto do SUG ou a nivel nacional.
  - **Colaboracións.** Indicarase o tipo de alianzas estratéxicas (estables e orientadas a fortalecer o potencial científico) que mantén a unidade.

### 1.3 Formalización

A presentación da unidade estruturarase nos seguintes capítulos, apartados e epígrafes. Ampliando a información proporcionada no punto anterior, indícase o detalle do contido que a persoa solicitante desenvolverá en cada epígrafe, así coma a extensión máxima recomendada.

#### a) Descrición da unidade de investigación.

##### a.1 Panorama xeral.

**a.1.1 Datos básicos:** datos identificativos da unidade.

**a.1.2 Definición e liñas de actividade:** descrición, principais dimensións e ámbitos de investigación.

**a.1.3 Singularidade:** características xerais que distinguen a unidade.

➤ Extensión máxima recomendada: 2 páxinas DIN A4.



## a.2 Marco estratéxico.

**a.2.1 Planeamento estratéxico:** indicación do período de planificación estratéxica no que se atopan (por exemplo: 2015-2020, 2015-2017). Explicación descritiva ou gráfica do enfoque estratéxico da unidade (por exemplo: visión, misión, obxectivos estratéxicos, valores, principios, etc.).

**a.2.2 Formulación e seguimento da estratexia:** indicarse se a estratexia está plasmada nun plan, como se formulou este e cales foron e son os medios utilizados para a súa difusión externa e internamente. Non é preciso explicar aquí os mecanismos de seguimento e avaliación da estratexia que se especificarán na epígrafe 1.4.

➤ Extensión máxima recomendada: 3 páxinas DIN A4.

## a.3 Gobernanza, xestión e organización.

**a.3.1 Goberno:** descrición do modelo de gobernanza (órganos, funcións e composición), incluíndo explicación da relación coa universidade. Indicaranse aqueles órganos relacionados con aspectos de responsabilidade social, como por exemplo os comités de ética.

**a.3.2 Organización:** descrición da estrutura organizativa. A relación nominal do persoal investigador e profesionais da unidade incluírase no apartado de capacidades.

**a.3.2.1 Dirección:** descrición da estrutura directiva e perfil científico e profesional dos directores ou das directoras.

**a.3.2.2 Estrutura científica:** descrición do modelo de organización científica (por programas, grupos, laboratorios,...) e dos mecanismos de incorporación e saída as unidades científicas da unidade (por exemplo: mecanismos de adscrición ou saída de grupos de investigación).

**a.3.2.3 Estrutura de xestión:** descrición do esquema organizativo e funcional das áreas de xestión.

**a.3.3 Modelo de xestión:** explicación do modelo de xestión (por exemplo: centralizado, laboratorios e grupos de forma independente, etc.). Incluírase nesta epígrafe se se conta con sistemas de calidade.

**a.3.4 Políticas de xénero:** composición de xénero do persoal, postos de liderado ocupados por mulleres e medidas de xénero.

➤ Extensión máxima recomendada: 4 páxinas DIN A4.

## a.4 Seguimento e avaliación.

**a.4.1 Seguimento:** explicación dos mecanismos de seguimento e monitorización da estratexia e da actividade da unidade e da súa aplicación (cadros de mando, comités externos, etc.).

**a.4.2 Avaliacións ou auditorías realizadas:** resultados obtidos nas principais actividades de avaliación e medidas implementadas a partir dos resultados do proceso de seguimento e avaliación.

➤ Extensión máxima recomendada: 2 páxinas DIN A4.

## Anexo 1.1: Organigrama.

### b) Capacidades.

**b.1 Persoas:** a información segundo o modelo organizativo do punto 1.3. (por grupos, por laboratorios, por programas, etc.).

**b.1.1 Dirección:** nome e apelidos dos directores ou directoras, cargo e resumo curricular.

**b.1.2 Equipo científico:** relación de investigadores e investigadoras incluíndo titulación, nacionalidade, categoría profesional, sexo, distincións científicas e fonte de financiamento do seu contrato.

**b.1.3 Equipo de xestión:** relación de profesionais de xestión incluíndo, titulación, nacionalidade, categoría profesional, sexo e fonte de financiamento do seu contrato.

➤ Extensión máxima recomendada: a necesaria para mostrar a relación de persoal completa coa información solicitada.

**b.2 Recursos tecnolóxicos:** relación e breve descrición das instalacións, equipos e medios máis relevantes, destacando os de carácter singular no contexto do SUG ou a nivel nacional.

**b.2.1 Instalacións.**

**b.2.2 Equipos singulares.**

**b.2.3 Outros medios técnicos de carácter singular.**

➤ Extensión máxima recomendada: 5 páxinas DIN A4.

**b.3 Colaboracións:** tipo de alianzas e acordos estratéxicos (estables e orientados a fortalecer o potencial científico da unidade). Relación das entidades, país de orixe, interese para a unidade, prazo e obxecto dos acordos.

➤ Extensión máxima recomendada: 3 páxinas DIN A4.



**Anexo b.1: Currículo abreviado (4 páxinas) dos directores e/ou directoras e dos máximos responsables das unidades científicas e de xestión de acordo co modelo organizativo.**

## 2 Resultados 2013-2015

### 2.1 Estrutura

<b>A Actividade científica.</b>
a.1 Carteira de proxectos de investigación desenvolvidos e activos. a.2 Proxectos destacados.
<b>B Producción científica e tecnolóxica.</b>
b.1 Principais contribucións científicas do período. b.2 Publicacións. b.3 Producción tecnolóxica.
<b>C Valorización e transferencia.</b>
c.1 Modelo de traballo adoptado pola unidade. c.2 Principais resultados. c.3 Carteira de proxectos e operacións de valorización e transferencia.
<b>D Carreira científica.</b>
d.1 Formación: oferta formativa e resultados acadados. d.2 Incorporación e desenvolvemento de talento: accións e resultados.
<b>E Divulgación e promoción da cultura científica.</b>
e.1 Difusión: medios de comunicación, web, redes sociais. e.2 Outras accións de promoción da cultura científica.
<b>F Financiamento (orzamento e recursos captados).</b>

### 2.2 Contido

O documento denominado "Resultados 2013-2015" conterá unha memoria das actividades desenvolvidas e dos resultados acadados no trienio indicado. Desenvolveranse os seguintes aspectos:

- **Actividade científica.** Incluirase unha táboa resumo con información cuantitativa relativa á carteira de proxectos de investigación desenvolvidos e activos e unha breve descrición dos dez proxectos considerados máis relevantes. A información





completarase nun anexo coa relación completa dos proxectos que integran a carteira.

- **Producción científica e tecnolóxica.** Describíranse as contribucións científicas máis relevantes no período, incluírase unha táboa resumo co número total de publicacións, o número das publicadas en revistas das de maior impacto na súa área temática incluídas no 25% (primeiro cuartil) e no 10% (primeiro decil), explicarase o procedemento de cálculo e a fonte de información. Con respecto aos datos incluídos na táboa, explicarase o procedemento de cálculo e a fonte de información. Esta información completarase cun anexo coa relación completa de publicacións. No que se refire á produción tecnolóxica, incluírase unha táboa resumo coa composición da carteira de patentes e outros títulos de propiedade industrial e intelectual solicitados e concedidos no período; nun anexo incluírase a relación completa destes títulos.
- **Valorización e transferencia.** Describírase o modelo de traballo adoptado pola unidade para o desenvolvemento desta función e os principais logros acadados no período; incluírase unha táboa resumo con información cuantitativa sobre a composición da carteira de proxectos e operacións de valorización e transferencia e a información sobre os recursos captados. Esta información completarase cun anexo coa relación de actividades e proxectos de transferencia e valorización xa rematados desenvolvidos no período.
- **Carreira científica.** Nesta sección explicarase a oferta formativa da unidade e proporcionarase información cuantitativa sobre ela e os resultados acadados; ademais, explicaranse as accións que está a desenvolver a unidade para atraer talento e para impulsar o desenvolvemento profesional do persoal e destacarase os principais resultados obtidos.
- **Divulgación e promoción da cultura científica.** Descrición das principais accións de difusión en medios de comunicación, web e redes sociais destacando os resultados obtidos e posibles impactos ou repercusións nas actividades da unidade; incluírase nesta sección unha explicación doutras accións de divulgación e implicación da sociedade.
- **Financiamento.** Incluírase unha táboa resumo do orzamento anual e recursos captados en cada un dos anos do período e proporcionarase información por tipo de fonte de financiamento (contribución da universidade, financiamento público competitivo internacional, nacional e autonómico, financiamento público non competitiva a través de convenios, financiamento privado competitivo e non competitivo a través de contratos).



## 2.3 Formalización

A memoria de actividades e resultados 2013-2015 estruturarase nos seguintes capítulos, apartados e epígrafes. Ampliando a información proporcionada no punto anterior, indícase o detalle do contido que a persoa solicitante desenvolverá en cada epígrafe, así coma a extensión máxima recomendada.

### a) Actividade científica.

**a.1 Carteira de proxectos de investigación desenvolvidos e activos:** preferiblemente información organizada segundo o modelo organizativo do punto 1.3., asignando os proxectos á estrutura organizativa de maior nivel: laboratorio, programa, liña de investigación; para cada un dos puntos seguintes inclúiranse táboas resumo coa composición da carteira de proxectos indicando para as categorías seguintes: nº de proxectos, fonte de financiamento (programa) e recursos captados (miles de €).

#### a.1.1 Proxectos internacionais.

#### a.1.2 Proxectos nacionais.

#### a.1.3 Proxectos autonómicos.

- Extensión máxima recomendada: a necesaria para mostrar a información solicitada.

**a.2 Proxectos destacados:** indicación dos dez proxectos máis relevantes desenvolvidos pola unidade, indicando o motivo do carácter distintivo.

- Extensión máxima recomendada: 2 páxinas DIN A4.

### Anexo a.1: Relación completa de proxectos.

### b) Producción científica e tecnolóxica.

**b.1 Principais contribucións científicas do período:** descrición do valor científico dos principais traballos de investigación publicados, destacando os seis máis relevantes.

- Extensión máxima recomendada: 6 páxinas DIN A4.

**b.2 Publicacións:** preferiblemente a información figurará organizada segundo o modelo organizativo do punto 1.3 asignando, se é posible, as publicacións á estrutura organizativa de maior nivel: laboratorio, programa, liña de investigación; inclúiranse táboas resumo co número total de publicacións, publicacións de alto impacto indicando o procedemento de cálculo e a fonte.



➤ Extensión máxima recomendada: a necesaria para mostrar a información solicitada.

**b.3 Producción tecnolóxica:** preferiblemente a información figurará organizada segundo o modelo organizativo do punto 1.3, asignando os proxectos á estrutura organizativa de maior nivel: laboratorio, programa, liña de investigación. Inclúiranse táboas resumo coa composición da carteira de patentes e outros títulos de propiedade industrial e intelectual solicitados e concedidos no período.

➤ Extensión máxima recomendada: a necesaria para mostrar a información solicitada.

**Anexo b.1: Relación completa de publicacións.**

**Anexo b.2: Relación completa de patentes e títulos de propiedade industrial e intelectual.**

## c) Valorización e transferencia.

**c.1 Modelo de traballo adoptado pola unidade:** explicación da política, procesos e principais actuacións de transferencia e valorización da unidade.

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxina DIN A4.

**c.2 Principais resultados:** descrición dos principais logros acadados en materia de transferencia e valorización de resultados no período, retorno económico que se deriva das operacións e outros beneficios para a unidade, principais clientes, etc.

➤ Extensión máxima recomendada: 3 páxinas DIN A4.

**c.3 Carteira de proxectos e operacións de valorización e transferencia:** resumo dos resultados das accións de transferencia e valorización, incluíndo a información sobre os recursos captados cando proceda (por exemplo nos contratos con empresas ou servizos) ou mención ás condicións con respecto aos retornos económicos. As actividades e proxectos activos no período 2016-2020 inclúiranse no documento relativo ao proxecto estratéxico, xa que se entende que serán obxecto de accións de valorización no período 2016 - 2019.

### c.3.1 Investigación e innovación empresarial ou con outras entidades.

**c.3.1.1 Iniciativas singulares (por exemplo: unidades mixtas):** denominación, clientes/socios e recursos captados (miles €).

**c.3.1.2 Proxectos de I+D con empresas ou entidades:** táboa incluíndo o número de contratos, número de clientes distintos (por CIF), ingresos (miles €).



**c.3.1.3 Servizos tecnolóxicos:** táboa incluíndo o número de servizos, número de clientes distintos (por CIF), ingresos (miles €).

**c.3.2 Patentes licenciadas:** título e código da patente licenciada, licenciatrio, ingresos recibidos ou condicións económicas pactadas.

**c.3.3 Spin-off:** nome da empresa, data de creación, vinculación coa unidade, acordo de transferencia no que se refire aos retornos para a universidade e a unidade, situación actual e principais indicadores (retorno económico xerado, emprego creado, financiamento captado, etc.).

**c.3.4 Outras iniciativas de valorización.**

➤ Extensión máxima recomendada: 4 páxinas DIN A4.

**Anexo c.1: Relación completa de actividades e proxectos de transferencia e valorización xa finalizados desenvolvidos no período.**

## d) Carreira científica.

### d.1 Formación.

**d.1.1 Oferta formativa:** descrición dos principais programas de formación de posgrao, doutoral e posdoutoral.

**d.1.2 Resultados:** táboa resumo cos principais datos das actividades de formación no período (por tipo de programa, nº de prazas ofertadas, nº de investigadores e investigadoras graduados, teses lidas, etc.).

**d.1.3 Outras accións formativas:** descrición doutras accións formativas desenvolvidas pola unidade.

➤ Extensión máxima recomendada: 3 páxinas DIN A4.

### d.2 Incorporación e desenvolvemento de talento.

**d.2.1 Atracción e captación:** descrición das accións desenvolvidas para fomentar a atracción de talento e resultados obtidos.

**d.2.2 Desenvolvemento:** medidas e actuacións para impulsar o desenvolvemento profesional do persoal da unidade, resultados obtidos.

➤ Extensión máxima recomendada: 2 páxinas DIN A4.

## e) Divulgación e promoción da cultura científica.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
UNIÓN EUROPEA

**e.1 Difusión:** descrición das principais accións de difusión en medios de comunicación, web e redes sociais, destacando os resultados obtidos e posibles impactos ou repercusións nas actividades da unidade.

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxina DIN A4.

**e.2 Outras accións de divulgación e implicación da sociedade:** segmentos obxectivo da unidade en materia de implicación da sociedade, accións desenvolvidas e resultados obtidos. Medidas implementadas en materia de acceso aberto á información e datos.

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxina DIN A4.

## f) Financiamento.

Táboa resumo do orzamento anual e recursos captados no período (anualizados) por tipo de fonte de financiamento: contribución universidade, convocatorias competitivas, convenios e contratos, etc.

➤ Extensión máxima recomendada: a necesaria para mostrar a información solicitada.

## 3 Proxecto estratéxico científico 2016 – 2019.

### 3.1 Estrutura

<b>A Oportunidade.</b>
a.1 Contexto (tecnolóxico, aliñamento RIS3, sistema I+D+I) .
a.2 DAFO.
a.3 Obxectivos.
<b>B Proxectos estratéxicos de investigación.</b>
b.1 Prioridades científicas Cada unha das prioridades conterá a descrición seguinte:
b.1.1 Liñas de actividade.
b.1.2 Persoas.
b.1.3 Recursos tecnolóxicos.
b.1.4 Colaboracións.
b.1.5 Organización.
b.1.6 Resultados.
b.2 Valorización e transferencia.



b.2.1 Obxectivos. b.2.3 Liñas de actividade. b.2.4 Capacidades. b.2.2 Carteira de operacións.
b.3 Carreira científica (obxectivos e accións). b.3.1 Formación. b.3.2 Incorporación e desenvolvemento de talento. b.3.3 Xénero.
b.4 Investigación e innovación responsable. b.4.1 Obxectivos. b.4.2 Liñas de actividade.
b.5 Internacionalización.
b.5.1 Obxectivos. b.5.2 Liñas de actividade.
<b>C Seguimento e avaliación.</b>
c.1 Modelo de seguimento e avaliación.
c.2 Indicadores de resultado.
<b>D Viabilidade.</b>
d.1 Técnica.
d.2 Económica.

### 3.2 Contido

O proxecto estratéxico científico enténdese como a carteira de actividades de investigación da unidade de investigación no período 2016-2019, incluíndo as accións de soporte para dotar a unidade da capacidade técnica, relacional e de xestión necesarias para acadar os obxectivos estratéxicos de excelencia científica e impacto internacional na investigación fixados para este período.

O documento desenvolverá os seguintes aspectos:

- **Oportunidade.** Sección introdutoria na que se enmarca o proxecto proposto con respecto ao seu contexto científico-técnico, contorna de I+D+i, e aliñamento co RIS3. Ademais, tomando en consideración o descrito nas sección de presentación e resultados, incluírase unha análise diagnóstica contemplando debilidades e fortalezas da unidade, e ameazas e oportunidades provenientes da contorna. Finalmente, incluíranse os obxectivos estratéxicos para o período 2016-2019.
- **Proxectos estratéxicos de investigación.** Indicaranse as prioridades científicas ou ámbitos de actuación cos seus obxectivos científicos. Para cada unha destas prioridades explicarase o seu desenvolvemento cara ao logro dos obxectivos indicados, incluíndo: actividade científica, equipo de traballo involucrado, recursos tecnolóxicos,



colaboracións, modelo de xestión e resultados esperados en termos cualitativos. Farase fincapé naqueles aspectos que representan a introdución de cambios ou novidades con respecto ao descrito nos apartados de presentación e capacidades (novos investigadores ou investigadoras, novos medios, novas alianzas, etc.).

- **Valorización e transferencia.** Indicaranse os obxectivos en materia de transferencia para o período, as accións previstas, as capacidades necesarias e a carteira de proxectos e operacións vivas (proxectos e operacións de valorización iniciados con anterioridade a 2016, que permanecen activos e serán abordados ata 2019).
- **Carreira científica.** Describiranse os obxectivos, medidas e accións previstas en materia de recursos humanos no que se refire á formación, incorporación e desenvolvemento de talento e xénero.
- **Investigación e innovación responsable.** Describiranse os obxectivos, medidas e accións relativas á difusión, divulgación e implicación e achegamento á sociedade.
- **Internacionalización.** Exporanse os obxectivos en materia de posicionamento internacional, explicaranse as medidas e accións contempladas para fomentar e fortalecer a dimensión internacional.
- **Seguimento e avaliación.** Describirase o modelo de seguimento e avaliación a nivel estratéxico e operativo, e as actividades de monitoraxe e avaliación previstas para o período. Incluirase unha táboa de indicadores segundo o modelo publicado na páxina web indicando para cada un dos anos do período os resultados esperados en relación á actividade, produción científica, captación de persoal, formación, transferencia, investigación responsable e captación de recursos.
- **Viabilidade.** Xustificación de como contribúe o proxecto ao logro dos retos estratéxicos, identificación de riscos de carácter técnico que poidan comprometer o desenvolvemento do proxecto. Con respecto á viabilidade económica, incluírase un orzamento detallado por partidas de gasto para o desenvolvemento do proxecto estratéxico de investigación no período, acompañado dunha táboa resumo da estimación do orzamento anual e recursos captados no período por tipo de fonte de financiamento: contribución universidade, convocatorias competitivas, convenios e contratos, etc.

### 3.3 Formalización

O proxecto estratéxico científico estruturarase nos seguintes capítulos, apartados e epígrafes. Ampliando a información proporcionada no punto anterior, indícase o detalle do contido que a persoa solicitante desenvolverá en cada epígrafe, así como a extensión máxima recomendada.

## a) Oportunidade.

**a.1 Contexto científico-tecnolóxico do proxecto:** explicación dos ámbitos de coñecemento nos que se centra o proxecto, con referencia ás tendencias científicas en torno ás que pivotan as prioridades.

➤ Extensión máxima recomendada: 5 páxinas DIN A4.

**a.2 Sistema de I+D+i:** explicación do escenario e contorna da unidade, entidades competidoras, colaboradoras e clientes.

➤ Extensión máxima recomendada: 3 páxinas DIN A4.

**a.3 Grao de aliñamento co RIS 3:** contribución do proxecto de acordo ao RIS 3 Galicia.

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxina DIN A4.

**a.4 Análise DAFO:** autodiagnose sobre a unidade (debilidades e fortalezas ligadas a aspectos internos e ameazas e oportunidades derivadas da influencia da contorna).

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxina DIN A4.

**a.5 Retos estratéxicos:** obxectivos estratéxicos da unidade no período 2016 – 2019.

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxina DIN A4.

## B) Proxecto estratéxico de investigación.

**b.1 Prioridades científicas:** relación de prioridades científicas ou ámbitos de actuación cos seus obxectivos científicos para o período.

Para cada unha delas, descrición da súa implementación describindo os aspectos que representan unha novidade ou cambio con respecto ao descrito no documento de presentación e resultados.

**b.1.1 Liñas de actividade:** explicación sobre se estes obxectivos se desenvolverán no cadro das liñas actuais ou se se introducirán novas liñas. Carteira provisional de proxectos previstos.

**b.1.2 Persoas:** equipo de traballo involucrado (grupo, área funcional), indicación do número e perfil dos novos investigadores e investigadoras e persoal técnico que se desexaría incorporar, en caso de cambios no equipo.





**b.1.3 Recursos tecnolóxicos:** se é o caso, descrición das necesidades de novas infraestruturas, equipos e medios (proprios ou acceso a infraestruturas de alto nivel).

**b.1.4 Colaboracións:** descrición das novas estratexias e modelos de colaboración, ou novas entidades obxectivo.

**b.1.5 Modelo de xestión científica:** cambios, novas actuacións ou medidas en materia de xestión científica previstas para o período. Reordenación da composición de grupos, etc.

**b.1.6 Resultados:** resultados esperados en termos cualitativos.

➤ Extensión máxima recomendada: 4 páxinas DIN A 4 para cada prioridade descrita.

## b.2 Valorización e transferencia

**b.2.1 Obxectivos:** obxectivos en materia de transferencia para o período en relación ao modelo de traballo, novos sectores, novos segmentos de mercado e aos resultados esperados.

**b.2.2 Liñas de actividade:** accións e medidas para dinamizar e impulsar as actividades de valorización e transferencia no período.

**b.2.3 Capacidades:** novos profesionais, medios técnicos e entidades colaboradoras ou alianzas.

**b.2.4 Carteira de operacións:** Táboa resumo cos proxectos e operacións activos.

➤ Extensión máxima recomendada: 3 páxinas DIN A 4.

**b.3 Carreira científica:** obxectivos e medidas previstas pola unidade en materia de política de recursos humanos.

**b.3.1 Formación:** descrición do programa formativo da unidade incluíndo medidas e obxectivos de atracción de estudantes e persoal en formación.

**b.3.2 Incorporación e desenvolvemento de talento:** novas accións e medidas previstas en materia de captación de talento e desenvolvemento profesional do persoal da unidade (científico e de xestión).

**b.3.3 Xénero:** obxectivos en materia de xénero, medidas e accións previstas.

➤ Extensión máxima recomendada: 3 páxinas DIN A 4.

## b.4 Investigación e innovación responsable.

**b.4.1 Obxectivos:** obxectivos en materia de RRI a excepción dos relativos a xénero.



**b.4.2 Liñas de actividade:** novas accións e medidas de difusión, divulgación e implicación da sociedade.

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxinas DIN A 4.

## b.5 Internacionalización.

**b.5.1 Obxectivos:** obxectivos en materia de posicionamento internacional e actividade internacional.

**b.5.2 Liñas de actividade:** novas accións e medidas para fomentar e fortalecer a dimensión internacional.

➤ Extensión máxima recomendada: 2 páxinas DIN A 4.

## C) Seguimento e avaliación.

### c.1 Modelo de seguimento e avaliación.

**11.1.1 Da estratexia da unidade:** indicarse se se contempla incorporar novos mecanismos e accións de seguimento e avaliación a nivel estratéxico da unidade, con respecto aos descritos no apartado relativo a resultados 2013-2015.

**c.1.2 Do proxecto estratéxico 2016-2019:** explicacións das accións de monitorización e avaliación do proxecto estratéxico proposto se son distintas ás previstas para a unidade.

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxina DIN A 4.

**c.2 Indicadores de resultado:** táboa de indicadores publicacións, proxectos, patentes, etc.

## D Viabilidade.

**d.1 Técnica:** xustificación de como contribúe o proxecto ao logro dos retos estratéxicos, identificación de riscos de carácter técnico que poidan comprometer o desenvolvemento do proxecto.

➤ Extensión máxima recomendada: 1 páxina DIN A 4.

**d.2 Económica:** orzamento detallado por partidas de gasto para o desenvolvemento do proxecto estratéxico de investigación no período, acompañado dunha táboa resumo da estimación do orzamento anual e recursos captados no período (anualizados) por tipo de fonte de financiamento: contribución universidade, convocatorias competitivas, convenios e contratos, etc.



➤ Extensión máxima recomendada: a necesaria para mostrar a información solicitada.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*

UNIÓN EUROPEA